



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0735	Educación para a saúde oral	2024/2025	0	105	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO-IGNACIO MORALES CAMACHO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Obtén información referente a saúde bucodental para caracterizar grupos e persoas, logo de seleccionar técnicas específicas
RA2 - Organiza accións de educación e promoción da saúde, programando actividades para diferentes situacións e persoas
RA3 - Prepara información sobre saúde bucodental, logo de seleccionar os contidos en función do grupo diana
RA4 - Informa sobre saúde bucodental a persoas e grupos, analizando técnicas adaptadas ás súas características e á súa motivación
RA5 - Pon en práctica actividades de educación e promoción de saúde bucodental, previamente seleccionadas en función das características dos grupos
RA6 - Aplica técnicas de avaliación de programas de educación para a saúde, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciáronse os conceptos de saúde e doenza, e de saúde pública e comunitaria
CA1.2 Relacionouse o concepto de odontoloxía preventiva e co de odontoloxía comunitaria
CA1.3 Identificáronse os niveis de prevención, os seus obxectivos e as súas accións
CA1.3.1 Clasificáronse os niveis de prevención da enfermidade
CA1.4 Relacionáronse os tipos de determinantes de saúde cos factores que afectan a saúde bucodental a nivel individual e colectivo
CA1.4.1 Identificáronse os distintos determinantes de saúde



Criterios de avaliación do currículo
CA1.5 Enumeráronse os factores protectores e prexudiciais para a saúde oral
CA1.5.2 Establecéronse as circunstancias e medios que actúan como factores predispoñentes para problemas bucodentais
CA1.6 Consultáronse fontes para obter información sobre os grupos diana
CA1.7 Utilizáronse técnicas para recoller información sobre saúde bucodental e doenza de persoas e colectivos
CA1.7.1 Identificáronse as técnicas de investigación mais axeitadas para o estudo
CA1.10 Utilizouse a terminoloxía básica relacionada coa saúde pública, a promoción e a educación para a saúde
CA1.11 Caracterizáronse os principais modelos en Educación para a saúde oral
CA1.12 Recoñecéronse os campos de actuación e axentes en Educación para a saúde
CA2.1 Describíronse os niveis e as etapas da planificación sanitaria
CA2.2 Establecéronse prioridades de intervención segundo as características de cada grupo
CA2.2.1 Detectáronse as necesidades de intervención segundo as características de cada grupo
CA2.3 Definíronse os obxectivos que cumpra lograr en diversos programas de intervención sanitaria
CA2.4 Enumeráronse as actividades do programa en función dos obxectivos
CA2.6 Secuenciáronse as actividades e asignáronse tempos de realización
CA2.6.1 Identificáronse os calendarios de operacións para a secuenciación das actividades
CA2.7 Identificáronse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades
CA2.8 Elaboráronse materiais de traballo en función das persoas e os grupos participantes
CA2.8.1 Identificáronse os materiais de traballo en función das persoas e os grupos participantes



Criterios de avaliación do currículo
CA2.9 Desenvolvéronse proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións
CA2.9.2 Identifícanse os elementos integradores de proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións
CA3.1 Interpretáronse as finalidades previstas nos obxectivos
CA3.2 Identifícanse as características do grupo diana
CA3.2.2 Recoñécéronse as principais técnicas de investigación social para definir o grupo diana
CA3.3 Analizáronse as características da información que se vaia transmitir
CA3.4 Identifícanse as dificultades dos coñecementos que se vaian transmitir
CA3.5 Seleccionouse a información en función da idade e das características do grupo receptor
CA3.6 Adaptáronse os contidos a persoas ou grupos con características e patoloxías específicas
CA3.7 Organizáronse os contidos que cumpra transmitir nas actividades de promoción da saúde e prevención de doenzas bucodentais
CA3.8 Consultouse bibliografía para actualizar a información relacionada coa prevención das doenzas bucodentais
CA4.1 Identifícanse as técnicas, os elementos e os tipos da comunicación
CA4.2 Determináronse os requisitos e as dificultades inherentes ao proceso comunicativo
CA4.3 Determináronse as características das persoas que vaian recibir a información
CA4.5 Caracterizáronse as técnicas de motivación, as súas fases e os seus requisitos
CA4.6 Identifícanse os valores máis motivadores para as persoas e os grupos implicados
CA4.9 Identifícanse as técnicas e os fundamentos máis básicos de modificación de comportamento no ámbito da promoción da saúde bucodental
CA5.1 Interpretáronse os obxectivos e a metodoloxía de campañas de promoción da saúde



Criterios de avaliación do currículo
CA5.2 Respectáronse as fases de aplicación de programas de educación sanitaria
CA6.1 Identificáronse instrumentos para a avaliación de actividades
CA6.1.1 Entendeuse a metodoloxía empregada para a avaliación de actividades
CA6.2 Formuláronse criterios para avaliar a consecución dos obxectivos programados na intervención sanitaria
CA6.3 Diferenciáronse os instrumentos que cumpra aplicar en función do obxectivo da acción avaliativa
CA6.4 Preparáronse instrumentos para a avaliación de actividades de educación para a saúde
CA6.6 Establecéronse medidas correctoras e de reforzo para os casos en que non se consigan os obxectivos previstos

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Obtén información referente a saúde bucodental para caracterizar grupos e persoas, logo de seleccionar técnicas específicas
RA2 - Organiza accións de educación e promoción da saúde, programando actividades para diferentes situacións e persoas
RA3 - Prepara información sobre saúde bucodental, logo de seleccionar os contidos en función do grupo diana
RA4 - Informa sobre saúde bucodental a persoas e grupos, analizando técnicas adaptadas ás súas características e á súa motivación
RA5 - Pon en práctica actividades de educación e promoción de saúde bucodental, previamente seleccionadas en función das características dos grupos
RA6 - Aplica técnicas de avaliación de programas de educación para a saúde, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos



2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Identificáronse os niveis de prevención, os seus obxectivos e as súas accións
CA1.3.2 Sinaláronse obxectivos e accións dos niveis de prevención
CA1.4 Relacionáronse os tipos de determinantes de saúde cos factores que afectan a saúde bucodental a nivel individual e colectivo
CA1.4.2 Asociáronse os determinantes de saúde cos factores que afectan á saúde bucodental a nivel individual e colectivo
CA1.5 Enumeráronse os factores protectores e prexudiciais para a saúde oral
CA1.5.1 Valoráronse os efectos de acción protectoras sobre a saúde bucodental
CA1.7 Utilizáronse técnicas para recoller información sobre saúde bucodental e doenza de persoas e colectivos
CA1.7.2 Desenvolvéronse os métodos de aplicación
CA1.8 Seleccionouse información relacionada co grupo diana
CA1.9 Organizouse a información en función de obxectivos
CA2.2 Establecéronse prioridades de intervención segundo as características de cada grupo
CA2.2.2 Identificáronse prioridades de intervención segundo as características de cada grupo
CA2.5 Deseñáronse actividades adaptadas ás persoas e aos colectivos receptores da acción
CA2.6 Secuenciáronse as actividades e asignáronse tempos de realización
CA2.6.2 Recoñecéronse as estruturas de rede para a secuenciación das actividades en programas de educación para a saúde
CA2.8 Elaboráronse materiais de traballo en función das persoas e os grupos participantes



Criterios de avaliación do currículo
CA2.8.2 Propuxéronse exemplos de materiais de traballo en función das persoas e os grupos participantes
CA2.9 Desenvolvéronse proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións
CA2.9.1 Analizáronse proxectos de educación para a saúde bucodental promovidos por institucións
CA2.10 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas para actividades de promoción da saúde
CA3.2 Identificáronse as características do grupo diana
CA3.2.1 Analizáronse as características do grupo diana
CA3.9 Manifestouse iniciativa na procura e no estudo de nova información
CA4.4 Informouse de xeito claro, correcto e adaptado en diferentes situacións
CA4.7 Aplicáronse técnicas de motivación e reforzo en distintas situacións
CA4.8 Aplicáronse técnicas para comprobar o nivel de comprensión das persoas ou dos grupos receptores
CA4.10 Amosouse respecto por persoas con perspectivas e forma de vida diferentes
CA5.3 Utilizáronse materiais impresos, audiovisuais, aplicacións informáticas, etc
CA5.4 Adaptáronse os recursos ás características das persoas e dos grupos receptores
CA5.5 Desenvolvéronse actividades de promoción da saúde
CA5.6 Aplicáronse técnicas de animación e dinámica de grupos para conseguir a implicación e a colaboración da poboación
CA5.7 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas
CA5.8 Respectáronse os tempos marcados na planificación realizada
CA5.9 Resolvéronse adecuadamente situacións non previstas



Criterios de avaliación do currículo
CA5.10 Manifestouse interese polo traballo en equipo
CA6.1 Identificáronse instrumentos para a avaliación de actividades
CA6.1.2 Recoñecéronse os instrumentos para a avaliación de actividades
CA6.5 Utilizáronse instrumentos para avaliar as actividades desenvolvidas no programa
CA6.7 Respectáronse os criterios establecidos nos protocolos de actuación

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Serán considerados como mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva os seguintes:

CA1.1 Diferenciáronse os conceptos de saúde e doenza, e de saúde pública e comunitaria.

CA1.3 Identificáronse os niveis de prevención, os seus obxectivos e as súas accións.

CA1.4 Relacionáronse os tipos de determinantes de saúde cos factores que afectan a saúde bucodental a nivel individual e colectivo.

CA2.3 Definíronse os obxectivos que cumpra lograr en diversos programas de intervención sanitaria.

CA2.5 Deseñáronse actividades adaptadas ás persoas e aos colectivos receptores da acción.

CA2.6 Secuenciáronse as actividades e asignáronse tempos de realización.

CA3.2 Identificáronse as características do grupo diana.

CA3.5 Seleccionouse a información en función da idade e das características do grupo receptor.

CA3.7 Organizáronse os contidos que cumpra transmitir nas actividades de promoción da saúde e prevención de doenzas bucodentais.

CA4.1 Identificáronse as técnicas, os elementos e os tipos da comunicación.

CA4.4 Informouse de xeito claro, correcto e adaptado en diferentes situacións.

CA4.7 Aplicáronse técnicas de motivación e reforzo en distintas situacións.



CA5.1 Interpretáronse os obxectivos e a metodoloxía de campañas de promoción da saúde.

CA5.4 Adaptáronse os recursos ás características das persoas e dos grupos receptores.

CA5.5 Desenvolvéronse actividades de promoción da saúde.

CA6.1 Identificáronse instrumentos para a avaliación de actividades.

CA6.4 Preparáronse instrumentos para a avaliación de actividades de educación para a saúde.

CA6.5 Utilizáronse instrumentos para avaliar as actividades desenvolvidas no programa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

a) Parte teórica:

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que constará de preguntas tipo test, preguntas curtas, cuestións de desenvolvemento, preguntas de verdadeiro/falso, elaboración de esquemas e/ou identificación de imaxes que versarán sobre os contidos do módulo establecidos na programación didáctica. No caso de preguntas tipo test as respostas incorrectas restarán (Aciertos - (Errores/2) e as non contestadas nin suman nin restan.

O profesor do módulo profesional cualificará esta primeira parte de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Parte práctica:

Será realizada polas persoas aspirantes que superaran a parte teórica. Consistirá na resolución de supostos prácticos e a realización dunha proposta en Educación para a saúde oral. O profesor do módulo profesional cualificará esta segunda parte de cero a dez puntos. Para a súa superación, as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán calificadas cun cero nesta segunda parte.

Finalizada esta segunda parte da proba, se publicarán as puntuacións obtidas na Aula Virtual do CIFP Manuel Antonio.

Para superar o módulo será preciso acadar unha puntuación global igual ou superior a 5 puntos. Esta puntuación será a media aritmética da puntuación obtida en cada unha das dúas probas, sempre e cando se alcance unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha delas, tal e como se expuso con anterioridade.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio.

A proba teórica estará relacionada cos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte da proba. Consistirá nunha serie de preguntas de tipo obxectivo: preguntas test (con catro opcións das cales só unha é correcta), pregunta curta, definición, emparellamento, completar ou verdadeiro/falso (nas preguntas de verdadeiro ou falso, se penalizará o erro anulando unha resposta ben contestada).

Nas preguntas test deberase marcar na plantilla a resposta correcta, no caso de erro o marcar unha opción poñerase unha cruz e marcarase a correcta. Só se terán tidas en conta as respostas marcadas na plantilla.

A cualificación da proba será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: $(\text{número de acertos} - \text{número de erros} / 2) / \text{Total de preguntas}$. As preguntas non contestadas non sumarán nin restarán puntos.

As preguntas curtas e definicións indicarán o valor de cualificación no encabezado. No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas.

A proba ten un valor de 10 puntos. Para superar a primeira proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Desenvolvemento da proba:

- Disporase como máximo de 120 minutos para a realización da proba teórica.
- Non se permitirá entrada unha vez comezada a proba.
- Non está permitido o acceso á proba con dispositivos móbiles (Teléfonos, tablets, smartwatches,...)
- Os bolsos, carpetas, etc, deixaranse na entrada da aula.
- A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou pasaporte.
- Só se poderá utilizar bolígrafo azul ou negro.
- Todo o material utilizado para a realización da proba (folia de exame e borradores), será entregado ao rematar.



4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

O profesor do módulo calificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán calificadas cun cero nesta segunda parte.

O procedemento de avaliación será o seguinte:

Proba práctica:

Consistirá na resolución de supostos prácticos e a realización dunha proposta en Educación para a saúde oral:

- Supostos prácticos: a proba incluírá supostos prácticos que estarán relacionados cos criterios de avaliación do módulo. Os supostos poderán contar con preguntas tipo test, de verdadeiro falso, de relacionar, de resposta curta ou de desenvolver.

Cada suposto práctico puntuarase segundo a puntuación sinalada na proba e a puntuación total será a suma aritmética dos diferentes supostos.

- Realización dunha proposta en Educación para a saúde oral:

Realizarase unha proposta en Educación para a saúde oral, baseada nun suposto práctico facilitado pola comisión de avaliación, para comprobar se se acadan os criterios de avaliación sinalados na presente programación, nos que o docente irá revisando o desenvolvemento das tarefas mediante unha lista de cotexo na que se irá anotando a realización correcta, ou mediante unha rúbrica en termos de deficiente, insuficiente, suficiente, ben, notable e sobresáinte para cada unha das cuestións relacionadas cos criterios de avaliación do módulo. Para cualificar a proposta en Educación para a saúde oral: sumarase cada unha das puntuacións outorgadas a cada cuestión empregando a rúbrica anteriormente sinalada.

Para superar a proposta en Educación para a saúde oral: debe acadarse un mínimo de "suficiente" en todos os criterios de avaliación empregados.

Para superar a proba práctica é necesario acadar como mínimo a metade da puntuación sinalada para os supostos prácticos e para a proposta de Educación para a saúde oral. A nota final desta proba será a suma aritmética da puntuación dos supostos prácticos e da proposta en Educación para a saúde oral.

Desenvolvemento da proba:

- Disporase como máximo de 180 minutos para a realización da proba práctica.

- Non se permitirá a entrada unha vez comezada a proba.

- Non está permitido o acceso á proba con dispositivos móbiles (Teléfonos, tablets, smartwatches,...)



- A persoa candidata acreditará a súa identidade co DNI ou pasaporte.
- Só se poderá utilizar bolígrafo e calculadora científica non programable.
- O resto do material necesario para realizar a proba será aportado polo centro educativo.